



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
Dª Mª Teresa Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. José Luis Capelo Martínez
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
D. Antón Fernández Alvarez
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José Mª Gil Villanueva
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Juan Janeiro Vilaboa
Dª Mª del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. Francisco J. Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. José A. Veiro García (CC.OO.)
D. Horácio A. Villar Suárez (CIG)

DESCULPAN ASISTENCIA

Dª Mª do Carmo Henriques Salido

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vinteun de xullo de mil novecentos noventa e sete, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 21 de xullo de 1997**, ás 11.00 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1º.- Asuntos urxentes de Profesorado: Prazas BOE, Transformacións, Comisións de servizo, Cambio de área, Ano Sabático, Permisos e Profesores Visitantes.

2º.- Asuntos de Xerencia: a) Aprobación, se procede, de oferta pública de emprego de persoal funcionario, grupo D, escala Auxiliar Administrativo; b) Aprobación, se procede, de oferta pública de emprego de persoal laboral, grupo I; e c) Aprobación, se procede, da delegación no Xerente para a elaboración das bases das citadas convocatorias.

3º.- a) Aprobación, se procede, do proxecto de Estatutos da Fundación Universidade de Vigo, condicionada ás modificacións que poida introducir a Administración competente; b) Facultar ó Rector para levar adiante todos os trámites necesarios para a obtención da plena personalidade xurídica da Fundación, incluída unha aportación para a dotación fundacional, por un importe de un millón de pesetas.

4º.- Elección, se procede, da Comisión de Conflictos (Candidatura presentada no último Claustro Universitario do 17-10-97: Dª Mª Victoria Carballo-Calero Ramos -Fac. Hum. Our., D. Alberto Gago Rodríguez -Fac. CC. Econ. e Empr. Vigo, D. Carlos Hervés Beloso - Fac. CC. Econ. e Empr. Vigo, D. Enrique Mandado Pérez -E.T.S. Enx. Telecom. Vigo, D. Luis Rodríguez Ennes -Fac. Dereito Our. e D. Domingo Docampo Amoedo -E.T.S. Enx. Telecom. Vigo.

No **punto 1**, Asuntos urxentes de Profesorado, trátanse en primeiro lugar as prazas BOE.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

C01	630	CAT-UN	Vigo	- - -
T03	590	CAT-UN	Vigo	- - -
X09	650	CAT-UN	Vigo	- - -
T07	520	TIT-UN	Vigo	Espada Seoane, Angel Manuel
T07	520	TIT-UN	Vigo	Vázquez Núñez, Fernando Antonio
X05	245	TIT-UN	Ourense	- - -
H06	573	TIT-UN	Vigo	Garrido Rodríguez, Carlos
H01	185	TIT-EU	Pontevedra	- - -

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

C01	090	Rueda Chimeno, Juan Carlos	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
C01	413	Rodríguez Fuentes, Gustavo	de AXU-EU a TIT-EU(I)
C01	660	Pascual del Hierro, Santiago	de PP1 a PP2
C02	240	Díaz Raviña, Montserrat	de PP1 a PP2
C04	045	Mariño Callejo, Fuencisla	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
C04	045	Vázquez Otero, Elsa	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
C04	220	González Castro, Bernardino	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
C07	750	Álava Moreno, Fausto	de AXU-UN1 a PP2
C08	765	Terán Moldes, M ^a del Carmen	de PP2 a TIT-UN(I)
C08	765	Cid Fernández, María Magdalena	de PP2 a TIT-UN(I)
C09	760	García Martínez, Emilia	de AXU-UN1 a PP2
H01	690	Ruíz de Samaniego García, Alberto	de PP1 a TIT-UN(I)
H02	567	Anaya Revuelta, Inmaculada	de PP2 a TIT-UN(I)
H02	567	Baez Montero, Inmaculada C.	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
H02	567	Pérez Rodríguez, Rosa	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	573	Miquel Verges, Joan	de PP1 a TIT-UN(I)
H06	575	Gómez Guinovart, Javier	de PP2 a TIT-UN(I)
T03	590	Pazó Prieto, José Antonio	de AXU-EU a TIT-EU(I)
T06	295	Arguelles Díaz, Alejandro	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T06	500	Vega Hidalgo, José A.	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
T06	500	Irisarri Castro, Alberto	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
T06	500	Fernández Salgado, Juan	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T06	500	María Angulo, Antonio de	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T08	385	Tovar Rodríguez, Clara Asunción	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
T08	385	Chiussi, Stefano	de PP2 a TIT-UN(I)
T08	385	Lusquiños Rodríguez, Fernando	de AXU-EU a PP1
T08	385	Soto Costas, Ramón F.	de ASO-T3 T a PP1
T10	595	Vidal Vázquez, Ricardo	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
T11	785	Eguizabal Gándara, Luis Eduardo	de AXU-EU a TIT-EU(I)
T12	560	Fernández Iglesias, Manuel José	de PP1 a TIT-UN(I)
T12	800	Alba Castro, José Luis	de PP1 a TIT-UN(I)
X01	805	Dapia Conde, M ^a Dolores	de PP1 a PP2
X01	805	Seoane Pérez, Emilia	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X02	130	López-Chaves Castro, Ignacio	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X02	130	Suárez-Vence Legerén, José Luis	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X03	125	Lareo Jiménez, Jacinto	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X03	135	Glez.-Ares Fernández, José Agustín	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X03	150	Fernández López, Roberto Ignacio	de PP2 a TIT-UN(I)
X03	150	Lete Achirica, Carlos	de PP2 a TIT-UN(I)
X03	150	Gil del Campo, José Antonio	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
X03	150	Rubio Córdón, Alfonso	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
X03	170	Burgos Toimil, Manuel	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X06	225	Alonso Carrera, Xaime	de A-T3P4 a PP1
X06	225	González Cerdeira, Xulia	de A-T3P4 a PP1
X06	225	González Martínez, X. Manuel	de A-T3P4 a PP1
X06	225	Labandeira Villot, Xavier	de A-T3P4 a PP1
X06	225	Otero Giráldez, M ^a Soledad	de A-T3P4 a PP2
X06	225	Rio Otero, Coral del	de A-T3P4 a PP2
X06	225	Moreno Lugrís, Alfonso	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3

X06	225	Díaz Leyes, J. Luis	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X07	230	Vila Losada, Miguel Angel	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X07	230	López Rodríguez, Alberto Jesús	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X07	230	Girón Vélez, Jesús Luis	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X07	230	Rodríguez Sierra, Luciano	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X08	415	Novoa García, Santiago	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X08	415	Viso Alonso, Augusto	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X09	095	Flórez Breijo, Patricia	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X09	650	Comesaña Benavides, José Antonio	de ASO-T3 T a TIT-UN(I)
X10	675	Ramos Fernández, Fernando	de PP1 a TIT-UN(I)
X11	775	Saco Álvarez, Alberto	de PP1 a PP2

Apróbase a petición, á Universidade de Santiago de Compostela, de Comisión de servicio para a profesora D^a Ana Pita Grandal.

Tamén se aproba pedi-la prórroga de Comisión de servicio para o profesor D. Marco Villagómez Cebrian, á Universidade Autónoma de Madrid.

Apróbase o cambio de área do profesor José Luís Gutiérrez Rodríguez, da A150 "Dereito Financeiro e Tributario", X03 "Dereito Público" á A225 "Economía Aplicada", X06 "Economía Aplicada".

Así mesmo, apróbase a concesión de ano sabático para o curso 1997/98 ó profesor Francisco J. Rey Losada.

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

Fariña Busto, M ^a Jesús	dende 01.09.97 ata 20.12.97
Suárez Briones, Beatriz	dende 01.09.97 ata 15.12.97
Torres Palenzuela, Jesús M.	dende 01.07.98 ata 30.09.98
Chasco Ugarte, M ^a Jesús	dende 01.10.97 ata 01.10.98
Fernández Gómez, Santiago	dende 01.10.97 ata 01.10.98
Arias Acuña, Alberto Marcos	dende 01.08.97 ata 31.10.97
Suárez Blázquez, Guillermo	dende 01.01.98 ata 01.06.98

Apróbase a contratación dos seguintes profesores visitantes:

T04 "**Enxeñería Química**", área 555 "**Enxeñería Química**":

- D. José Manuel Domínguez González, coa retribución de PP2.
- D. Roberto Martul Fernández, coa retribución de TIT-EU.
- D^a Carmen Victoria Riverol Cañizares, coa retribución de TIT-EU.
- D. Jorge Sineiro Torres, coa retribución de PP2.

T04 "**Enxeñería Química**", área 780 "**Tecnoloxía de Alimentos**":

- D^a M^a Eugenia Tornadijo Rodríguez, coa retribución de TIT-UN.

T07 "**Enxeñería de Sistemas e Automática**", área 520 "**Enx. de Sistemas e Automática**":

- D. José Cesáreo Raimúndez Alvarez, coa retribución de ASO-T3 T.

T08 "**Física Aplicada**", área 385 "**Física Aplicada**":

- D. Leslie M. Fernandes Fernandes, coa retribución de TIT-UN P6.

T10 "**Matemática Aplicada**", área 595 "**Matemática Aplicada**":

- D. Jesús Illan González, coa retribución de TIT-UN.

T12 "**Tecnoloxía das Comunicacións**", área "**Enxeñería Telemática**":

- D. Bernardo Feijoó, coa retribución de TIT-UN.

Presenta o **punto 2**, o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García.

D. Horacio A. Villar Suárez fai constar que non se negociou a oferta de emprego do ano 97, senón a do 95; pide que se modifique.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor fai constar que hai prazas que están paradas e non saen nesta oferta de emprego.

D. José Luis Gómez Reboiro, como presidente da Xunta de Persoal Funcionario, explica os aspectos da negociación, indicando que a convocatoria do Persoal Funcionario corresponde ás prazas do ano 95.

D. Luis Pérez Gómez solicita a retirada do punto da Orde do día, xa que non existe un acordo unánime da saída, indicando que se se esperou tanto tempo en sacala non pasaría nada por esperar un pouco mais.

D. Cándido Pérez Betanzos solicita tamén a retirada do punto da Orde do día.

D. Horacio A. Villar Suárez pide tamén a retirada.

Prodúcese unha votación sobre a retirada do punto co seguinte resultado:

-votos a favor da retirada:	7
-votos en contra da mesma:	17
-abstencións:	8

Non se retira o punto.

Faise a votación para a aprobación ou non do punto, co seguinte resultado:

-a favor:	17 votos
-en contra:	7 votos
-abstencións:	8

Apróbase a oferta pública de emprego de "persoal funcionario, grupo D, escala Auxiliar Administrativo" e de "persoal laboral, grupo I"; e a "delegación, no Xerente, para a elaboración das bases (anexo I) das citadas convocatorias".

Presenta voto particular D. Cándido Pérez Betanzos "*1º Deberían terse votado separadamente cada un dos apartados, pois aínda que incluídos no mesmo punto os asuntos son diferentes entre si, obrigando deste xeito a que o voto fora contradictorio para que o exerce, pois a intención era que se retirase o primeiro dos apartados, votar afirmativamente ó terceiro, xa que o segundo non tiña razón de ser por ser consecuencia o seu contido da aprobación da RPT Laboral producida con anterioridade; 2º Na documentación que se nos facilitou referíase á oferta de emprego do ano 97, cando logo nos decatamos que correspondía á do 95; 3º Presentouse a convocatoria do concurso-oposición de funcionarios grupo D como un acordo entre a Xerencia e a Xunta de Persoal, e producíronse modificacións durante o debate que non podían contar co referendo da mesma, pois só estaba presente o seu presidente, e non manifestou ter delegación expresa para negociar no seu nome; 4º Na norma 1.1*

da convocatoria induce a erro dos aspirantes xa que a ampliación do número de prazas está limitada para normativa de aplicación e non pode resultar un número indefinido produto dun acordo durante o proceso selectivo, violándose deste xeito o principio de publicidade xa que a información que se facilita é descoñecida incluso para quen asina a convocatoria, sometendo ós aspirantes a un estado de inseguridade ata a conclusión do proceso selectivo; e 5º Como consecuencia dos erros que manifesto poderíase xudializa-lo proceso e conseguí-lo efecto contrario ó pretendido, que en lugar de obxectivo, limpo e sinxelo, se converta en tortuoso e complexo"

O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza presenta o **punto 3**, Estatutos da Fundación Universidade de Vigo.

D. Cándido Pérez Betanzos indique que o marco no que se debían presenta-los Estatutos da Fundación son os da Comunidade Autónoma.

Algúns membros da Xunta de Goberno indican que os Patronos electivos e os honoríficos terían que ser elixidos pola Xunta de Goberno, polo que solicita a modificación do artigo 10, nos apartados B e C, substituíndo "elixidos polo Rector e oída a Xunta de Goberno" por "elixidos pola Xunta de Goberno".

Tamén solicitan a modificación neste mesmo punto B de "ata un máximo de 21" polo de "un máximo de 21".

Acéptanse as modificacións.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor:	25 votos
-en contra:	1 voto
-abstencións:	4 votos

Apróbase o " proxecto de Estatutos da Fundación Universidade de Vigo (anexo II)" e "facultar ó Rector para levar adiante tódolos trámites necesarios para a obtención da plena personalidade xurídica da Fundación, incluída unha aportación para a dote fundacional, por un importe de un millón de pesetas".

Presenta voto particular D. José Luis Capelo Martínez (anexo III).

No **punto 4**, o profesor D. Antón Fernández Alvarez pide a retirada do punto da Orde do día e que se faga un novo esforzo para a elección da Comisión de Conflictos no Claustro Universitario.

D. Eusebio Corbacho Rosas entrega un escrito do que da lectura ó Secretario Xeral e que se inclúe como anexo (anexo IV).

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez indica que despois de diversos intentos de elección no Claustro Universitario e de acordo co informe da Asesoría Xurídica (anexo V), di que se debe elixir na Xunta de Goberno.

D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor fai constar que da Comisión non debería formar parte

ningún membro da Comisión de Reclamacións, para que non sexa xuíz e parte.

Prodúcese unha votación sobre a retirada ou non da dita Comisión, co seguinte resultado:

-a favor da retirada:	11 votos
-en contra:	22 votos
-brancos:	2

O profesor D. Antón Fernández Alvarez retirase da sala indicando que non está de acordo co trámite seguinte.

Prodúcese a votación sobre a elección da Comisión de Conflictos:

-a favor:	23 votos
-en contra:	6 votos
-brancos:	4

Apróbase a Comisión de Conflictos, que queda formada polos seguintes membros:

- D^a M^a Victoria Carballo-Calero Ramos, da Facultade Humanidades de Ourense,
- D. Alberto Gago Rodríguez, da Facultade CC. Económicas e Empresariais de Vigo
- D. Carlos Hervés Beloso, da Facultade CC. Económicas e Empresariais de Vigo
- D. Enrique Mandado Pérez, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo,
- D. Luis Rodríguez Ennes, da Facultade de Dereito de Ourense, e
- D. Domingo Docampo Amoedo, da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.55 h. do día 21 de xullo de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto